



RUTAS

PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

A COMARCA DO CARBALLIÑO

Partida: Barbantes (Punxín), no cruzamento da A-53, N-120 e N-541

Destino: Oseira

Distancia aproximada: 40 km

ITINERARIO:

- 1.- Castro de San Cibrán de Las
- 2.- O Carballiño
- 3.- San Cristovo de Cea
- 4.- Mosteiro de Santa María de Oseira

EXTRAS:

- 1.- Máis aló
 - Pazos de Arenteiro
 - Sendeiros do Arenteiro
- 2.- Informacións útiles

Lembra

- Non prendas lume
- Recolle o teu lixo
- Non saltes muros ou valados
- Protexe e respecta os animais e as plantas
- Goza e mira polo noso patrimonio; danalo non só é unha mágoa senón tamén un delito.

A COMARCA DO CARBALLIÑO

As terras do Carballiño comprenden a parte norte do Ribeiro, alí onde os vales fluviais entroncan coas montañas centrais de Galicia. Inclúen os concellos de San Amaro, San Cristovo de Cea, O Carballiño, Beariz, Boborás, O Irixo, Maside, Piñor e Punxín, cuxa historia está inescusablemente unida á do mosteiro de Santa María a Real de Oseira. Non obstante, os testemuños arqueolóxicos indican que estamos nun territorio de poboación antiga, atraída pola benignidade do clima e pola fertilidade das terras.

A introdución da viña nos séculos medievais dinamizou a economía e a vida destas xentes ata o punto de cambiar a súa dedicación tradicional ao cultivo de cereais, que quedaron relegados ás zonas non aptas para o viño. Ás terras do Arenteiro e o Barbantiño chegaron todo tipo de institucións eclesiásticas que se fixeron coa propiedade da terra; tras elas, comerciantes e intermediarios que levaban o viño e traían as mercadorías necesarias para o sustento da poboación. As vilas de Carballiño e San Cristovo de Cea teñen a súa orixe, precisamente, nunha situación estratéxica óptima para o comercio por estaren situadas no cruzamento das rutas principais destes tratantes.

Na zona máis setentrional, o mosteiro de Oseira non só foi propietario senón tamén señor da terra.

Aquí a produción orientouse ao cultivo do cereal, destacando neste particular a vila de Cea. A súa feira é unha das máis antigas de Galicia e está na orixe dun dos produtos que mellor simbolizan a riqueza do noso patrimonio inmaterial e a súa proxección de futuro, o Pan de Cea.

É unha terra de contrastes, de viño e centeo, de vilas e pequenas aldeas, de tradición e innovación, que é un bo exemplo da gran diversidade e riqueza patrimonial de todas e cada unha das nosas comarcas.

1. CASTRO DE SAN CIBRÁN DE LAS

A forma máis doada de chegar é seguindo as indicacións a partir da N-541 no concello de Punxín _de aí o punto de partida_. A aproximadamente 1 km da zona de cruzamento das N-541, N-120 e A-53, en dirección Carballiño-Pontevedra, un sinal á esquerda indica o desvío; hai que seguir a OU-0410 (antiga OU-638) durante uns 6 km seguindo os indicadores que nos levarán ao estacionamento da área arqueolóxica.



O castro de San Cibrán non só é un dos máis grandes de Galicia senón tamén dos mellor coñecidos. Os traballos de investigación comezaron na década de 1920, da man de Florentino López Cuevillas. Aquí traballaron tamén Xaquín Lorenzo e Xesús Ferro Couselo que foron sucedidos nos tempos máis recentes por varios equipos de arqueólogos. Con todo, e dadas as súas dimensións, as escavacións seguen en marcha.

Ao seu carón estase a rematar o que será o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa _un dos focos da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico_ que amosará aos visitantes os pormenores deste castro e da cultura dos castros en Galicia.

Este castro, tamén chamado da Cidade, está situado nun promontorio sobre a veiga do ríos Miño e Barbantiño, nun territorio moi apropiado para a explotación agraria de secaño e gandeira. Segundo os datos fornecidos pola arqueoloxía este asentamento tivo unha longa ocupación, entre os séculos II a.C e o IV da nosa era.

CASTROS, CASTELOS E ALDEAS

Contrariamente ao que se supón, unha boa parte dos nosos castros estivo ocupada en tempos posteriores á chegada dos romanos. Algúns mesmo comezaron a súa andaina ben entrada a nosa era e outros _como é o caso de San Cibrán_ deron acubillo ás xentes durante varios séculos.

Aqueles situados en localizacións estratéxicas de carácter militar foron utilizados na Idade Media ben de forma permanente ben de xeito esporádico. Nos asentamentos permanentes construíronse castelos ou aldeas, mentres outros foron cristianizados coa consagración de capelas e ermidas; pola contra, o uso puntual apenas deixou pegada. Os datos que os historiadores teñen sobre estas ocupacións son xeralmente escasos e tenden a relacionarse con episodios bélicos, como as loitas entre os señores galegos dos séculos XIV e XV.

Aínda que baleiros e abandonados, os vellos castros conservaban boa parte do seu aparello defensivo (foxo e murallas) e mantiñan a súa posición estratéxica no territorio. Abondaban uns días de traballo para levantar casetos e alpendres para unha gornición e valos de madeira para protexer as zonas máis vulnerables.

A monumentalidade do conxunto chama a atención dos visitantes desde un primeiro momento. Os foxos e varios circuítos de murallas protexen un poboado cuxas vivendas se amorean dentro. Accédese ao interior polo oeste e `pasada a primeira porta ábrese unha entrada monumental na liña do muro. Como se aprecia, incluso mellor, noutros tramos, un paseo de rolda permite percorrer e vixiar todo o circuítto fortificado. A dobre estrutura de muros, apoiada en foxos, protexe o recinto e dálle unha certa identidade ao separalo da contorna rural.

Ao carón desta porta está un alxibe, noutro tempo cuberto, que aproveitaba un manancial natural. As escavacións deixaron ao descuberto nesta zona un importante número de construcións, de formas variadas e que se articulan ao carón de rúas. Trátase en realidade de agrupacións de estruturas _que os expertos chaman barrios_ nas que vivía un grupo familiar. Segundo parece, estamos ante un poboado de urbanismo planificado, no que a cada familia lle correspondería un soar para construír a súa casa. O que hoxe contemplamos son os fundamentos do que foi un pobo levantado en pedra, barro, madeira e ramallos (para os tellados).

Os barrios conforman lugares cheos de vida, con espazos para almacenar todo tipo de produtos e utensilios e para traballar. Pezas de teares, escouras de fundición metalúrxica, ferramentas e todo tipo de contedores e recipientes cerámicos testemuñan a actividade económica.

No cumio do outeiro está a croa do castro _pechada coa súa muralla_, onde se atopou un pedestal que os investigadores relacionan co mundo simbólico ou relixioso. Aquí apareceu tamén unha inscrición votiva dedicada a Xúpiter, que revela o nome antigo desta cidade: Lansbrica.

Baixando, chegase á porta Leste, que foi a principal, malia que non era apta para a entrada con carros. Nesta zona, o terreo non ofrecía boa defensa, de aí que se reforzase o aparello fortificado. Volvendo polo lado sur, aínda se pode visitar outra parte escavada e apreciar a obra das fortificacións exteriores.
Horario: aberto sempre.

A ruta continúa cara ao Carballiño. Existen dúas opcións: ben dar a volta cara á N-541 e seguir as indicacións ata o centro da vila, ou ben retomar a OU-0410 e seguir ata o lugar do Cruceiro (4 km) e alí tomar á esquerda a OU-0303 (antiga OU 333) durante uns centos de metros ata empalmar coa OU-412 que en 3,5 km entronca na OU-208 que nos levará directamente ao Carballiño. Nesta vila algunhas das rúas son peonís. Pode estacionarse nas inmediacións do centro ou ben no párking da Praza dos Emigrantes.

Nas proximidades desta ruta (na OU-208) atópase a parroquia de Santiago de Partovia e o lugar das Caldas, co seu balneario documentado nos tempos medievais.

2. O CARBALLIÑO

UNHA VILA NOVA E DINÁMICA

O Carballiño é unha vila relativamente nova. Nun principio estaba o lugar de Flores, pertencente á parroquia de San Cibrán de Señorín (hoxe San Roque), do couto de Partovia e Señorín pertencente ao mosteiro de Santa María de Oseira. A decadencia da feira, que se celebraba desde o século XIII na vila de Cea, levou ao mosteiro a trasladala na procura da súa revitalización. O cambio tivo lugar

nalgún momento anterior a 1628. Non sen loitas, xa que era unha dura competencia para o mercado de Maside, a feira logrou consolidarse neste campo y soto de la feria de Carballino, propiedade dos veciños e veciñas de Flores.



A mediados do século XVIII o campo da feira dera lugar a un pequeno pobo que se desenvolvería considerablemente no século XIX, cando desapareceron as barracas y tinglados que muchos comerciantes tenían para dar lugar a novas rúas e edificios.

Nesta feira, e grazas tamén á súa posición estratéxica nos camiños que veñen do Ribeiro e de Ourense, está a orixe desta vila que se consolidou definitivamente da man do auxe dos balnearios na segunda metade do XIX. Pouco a pouco emerxería como centro de servizos, instalándose como a capital comarcal que agora é, unha das principais da provincia.

Oficina Municipal de Turismo (988274757) e no Centro Comarcal (988530252)

Malia a súa xuventude, a vila do Carballiño agocha algúns pequenos tesouros. O centro do pobo está conformado por varias rúas peonís nas que ao carón de edificios máis recentes se poden atopar exemplos da arquitectura típica da Galicia dos últimos anos do século XIX e das primeiras décadas do XX. Estas construcións son doadas de recoñecer polo fino traballo das galerías acristaladas, o elegante traballo de forxa nos balcóns ou as formas curvilíneas de ventás e portas. Moitas delas, como é habitual no sur de Galicia, presentan a fachada encintada. Este procedemento de remate dos muros servía non só para mellorar a unión das pedras senón que tamén se usaba con fins decorativos.

Outros edificios, anteriores e posteriores, destacan polo seu carácter ecléctico ou polo uso de formas que buscan unha renovación de estilos históricos, como o Concello, a Igrexa vella ou o Mercado Municipal.

Nun extremo da vila atópase a **Igrexa da Veracruz**, obra de Antonio Palacios e que non chegou a ver rematada. Comezou a levantarse en 1943 para acoller unha reliquia da Cruz de Xesús que chegara á vila en 1901. A obra foi longa e laboriosa e o proxecto inicial foi varias veces retocado. Con todo, esta obra alcanza un acabado singular, mostra do xenio e creatividade do arquitecto Palacios.

A igrexa formaba parte dun proxecto máis amplo que non chegou a desenvolverse _incluía unha casa reitoral e a planificación urbanística da zona_. Palacios concibiu o templo como un santuario, un lugar de peregrinación e inspirouse noutros espazos sagrados de Galicia. De aí tomou o recurso aos motivos medievais, a alta torre _pensada para servir de guía aos peregrinos que viñan de lonxe_, a planta que rodea o altar maior cunha carola ou deambulatorio, etc.

ANTONIO PALACIOS RAMILO

Antonio Palacios Ramilo (Porriño, Pontevedra, 1874 – Madrid, 1945) é un dos arquitectos máis sinalados deste século. Posuía un concepto moi particular da arquitectura, na que primaba a monumentalidade e un certo gusto pola recuperación de formas históricas que adaptaba aos novos tempos. O Palacio de Comunicacions e as entradas do Metro de Madrid son algunhas das súas obras

máis coñecidas. En Galicia acometeu importantes proxectos como o Teatro García Barbón (Vigo), o Templo Votivo do Mar (Panxón), o monumento á Virxe da Roca en Baiona, o Templo da Vera Cruz no Carballiño ou a Central hidroeléctrica Tambre I, verdadeira catedral da industria.

Do exterior chama a atención o uso de elementos inspirados na arquitectura medieval: ábsidas percorridas por bandas de arquiños, estreitas ventás, rosetóns ou o aire acastelado e compacto como o dalgunha das nosas catedrais. Non se trata dunha pura reprodución senón de reinterpretacións e modernizacións. Como se ve no interior e noutras obras de Palacios, o seu estilo orixinal funde elementos de distinta procedencia, unificándoos a través do uso dos materiais ou poñéndoos en contraste.

Os xogos de luz, a amplitude e o xogo entre as zonas macizas de muro e a diafanidade creada polas bóvedas e xanelas fan que o interior resulte airoso, o que contrasta fortemente coa robustez do exterior. De novo repítense formas medievais como arcos e bóvedas, pero aquí empregadas para realzar a capela maior e dar dinamismo e amplitude aos espazos.

O templo complétase cun conxunto escultórico que relata escenas do Novo Testamento (a curación do cego, a resurrección de Lázaro, a parábola do fillo pródigo, etc.), obra do compostelán José Aldrey, un dos máis sinalados imaxineiros do século XX.

CARBALLIÑO E O POLBO

Antes da existencia de neveiras e conxeladores, unha parte importante do peixe consumido por todos aqueles que vivían no interior era seco ou salgado. De entre todas as especies procedentes do mar, o polbo era unha das máis consumidas porque tamén era das máis pescadas e das máis doadas de preparar para a súa conservación. Nas vilas e aldeas mariñeiras familias enteiras fixeron da captura e seca do polbo _que se vendía en atados chamados liazas_ unha forma de vida.

O peixe seco chegaba ao interior da man de tratantes e arrieiros que percorrían o país; tamén como parte das rendas que os señores cobraban dos seus foros e señoríos na Galicia costeira. Segundo parece, os polbos secos chegados de Marín ao mosteiro de Oseira están na base da tradición deste concello. Ata as feiras do interior _como a que houbo en Cea e logo no Carballiño_ os tratantes traían o polbo, porque había unha morea de xentes que alimentar. O resultado é o polbo á feira e a carne ao caldeiro, dúas variantes da mesma preparación.

Segundo o Catastro de Ensenada (1752), nas dúas parroquias de Arcos (San Xoán e Santa María) moitas familias gañan no polbo os ingresos que completan a escasa rendibilidade da agricultura. A sonda destas polbeiras ten, xa que logo, un fundamento histórico.

O Balneario e o adxacente Parque Municipal atópanse noutra cabo da vila, ao carón do río Arenteiro. O Gran Balneario do Carballiño foi construído en 1900 e constitúe un símbolo dun dos puntais do desenvolvemento histórico da vila.

O aproveitamento das propiedades curativas das augas termais coñeceu na segunda metade do século XIX e nas primeiras décadas do XX unha gran popularidade, aínda que o uso das augas é bastante máis antigo. Neste contexto é onde debemos situar este complexo balneario, que era o sostén dunha forma de ocio e saúde baseada en estancias para tomar as augas. O edificio principal é unha elegante construción de inspiración historicista, que recupera o uso da torre medieval como referente visual, e que contrasta vivamente co desenvolvemento horizontal do conxunto. Un lucernario indica a presenza da sala principal, inundada de luz no seu interior.

Existe un segundo manancial nas proximidades, o “bañiño de Arcos”, cuxa fonte é de acceso libre.

O Gran Balneario só abre entre maio e outubro.

O **Parque Municipal** está ao carón do Balneario e conforma, en certo modo, unha prolongación do espazo verde que rodea aos mananciais. A existencia de parques e zonas de paseo é algo común nos espazos balnearios; neste caso había un pequeno bosque de ribeira. En 1928 comezou a configurarse o parque actual baixo a dirección do arquitecto Manuel Conde Fidalgo. Desde entón, en fases sucesivas, fóronse plantando distintas especies arbóreas, creando os itinerarios de paseo, as fontes, etc. Un dos fitos máis sinalados é a instalación do monumento en homenaxe aos Irmáns Prieto Pereira, que procede da Praza Maior en 1935.

Xa nas aforas resulta moi interesante a visita ao Parque Etnográfico do Arenteiro. Este río, como boa parte dos ríos galegos, foi intensamente usado ao longo dos tempos. Enxeñeiros anónimos deseñaron neles canles, presas, muíños ou batáns que fixeron máis doada a vida das xentes. Este parque etnográfico constitúe unha homenaxe a eles e aos que fixeron a súa vida ao carón de ríos e regatos. Catro espazos museísticos introducen o visitante na realidade destes enxeños: as paisaxes do río Arenteiro, a importancia da forza hidráulica no desenvolvemento das industrias rurais antigas, os muíños e o seu lugar na produción de alimentos ou a propia vida doméstica de muiñeiros e muiñeiras.

Está xunto ao río, ao final do Parque Municipal; pódese acceder a pé ou ben en coche _sitúase preto do Centro de Ensino Secundario Chamoso Lamas_.

Horario: de xullo a setembro de 11.30-13.30h; 18-21h (pechado luns e martes); de outubro a xuño de 17-19.30h (venres) e de 11.30-13.30h e de 18-20h (sábados e domingos).

Ao carón do parque está a piscifactoría, que admite visitas de grupos superiores a 6-8 persoas. Ten un programa de visitas guiadas diferenciado para distintos públicos que debe acordarse con antelación, chamando ao 988270989

O Centro Comarcal acolle unha exposición permanente sobre a comarca; tamén mostras temporais de temática variada. Estrada N-541.

A ruta continúa cara á vila de Cea, saíndo un pouco cara a Ourense e tomando na entrada do Carballiño a OU-504. Aproximadamente a 10 km _pouco despois de pasar o cruzamento coa N-525_, está Cea; pódese estacionar con comodidade na Praza Maior ou nas inmediacións.

3. CEA

O concello de San Cristovo de Cea é coñecido en todo o país por acoller a dous integrantes singulares da nosa herdanza: o mosteiro de Santa María a Real de Oseira e o Pan de Cea. A casa relixiosa está no berce mesmo dunha parte importante dos pobos e aldeas da contorna. Non obstante, os testemuños arqueolóxicos falan dun poboamento máis antigo que aproveitou a fertilidade da terra e a súa estratéxica situación nos camiños que unían o interior coa costa.



Case todo o actual municipio pertenceu ao señorío e xurisdición de Oseira, sendo o pobo de Oseira e, sobre todo, Cea os lugares máis sinalados. A vila de Cea desenvolveuse relativamente cedo como núcleo urbano, e no século XIII obtivo privilexio real para celebrar unha feira anual que serviu tanto para o mantemento dos monxes como de punto de encontro de tratantes procedentes de toda Galicia. Así as cousas, a vila consolidou unha actividade económica diversificada (artesáns, mercadores e labregos) e unha veciñanza tamén heteroxénea (xente común, algúns fidalgos e oficiais do mosteiro). A desaparición das xurisdicións eclesiásticas supuxo o nacemento do actual concello, pero o difícil século XIX trouxo consigo unha progresiva perda de peso na contorna. Ao cabo, O Carballiño pasou a ser o referente comarcal.

No concello: 988282000

A vila de Cea agocha un interesantísimo legado patrimonial. Ás súas rúas asoman todo tipo de construcións que reflicten o pasado do pobo, a medio camiño entre o ambiente rural e o urbano. Tamén recollen a pegada da tradición histórica da elaboración do pan. Cea constitúe, sen dúbida ningunha, un conxunto patrimonial senlleiro.

As casas estrutúranse ao longo de rúas que marcan os antigos camiños que cruzaban o pobo _ estamos no cruzamento da ruta do Ribeiro a Lugo polo Miño e do camiño real leste-oeste de Ourense a Santiago_ ou ben saían del para achegarse a aldeas próximas ou aos campos. Hoxe, a vella ruta de peregrinación e comercio chamada Vía da Prata atravesa a poboación.

O elemento predominante das construcións é o granito que se presenta en distintas formas e calidades denotando a riqueza dos propietarios. Con este material levantáronse todo tipo de alpendres, cortes e fornos e tamén as casas, das que podemos observar unha gran variedade que vai da casa terreira _o modelo máis antigo_ ata as máis contemporáneas, polo xeral inspiradas no volume cúbico tradicional. O modelo máis común consta de dous andares e cando menos un balcón ou corredor na fachada máis protexida.

Un número relevante de elementos etnográficos de Cea están relacionados co seu produto máis coñecido, o Pan. Hai, só na vila, máis de dez fornos antigos, moitos hórreos nos que se gardaba o millo que comían as panadeiras, varias eiras e, xa nas aforas, diversos muíños nos que o gran se convertía en fariña. Tal é a relevancia desta actividade na historia deste lugar que moitas rúas levan o nome dos fornos que nelas hai.

T En breve, unha ruta de interpretación permitirá aos visitantes recoñecer os aspectos máis relevantes do patrimonio construído de Cea e da tradición do seu pan. Esta ruta circular comezará na Praza Maior.

OS FORNOS DO PAN DE CEA

Segundo os datos históricos, na vila de Cea hai fornos de cocer pan desde a Idade Media. Desde entón os veciños e, sobre todo, as veciñas fixeron da cocción e venda de pan no pobo e nas feiras e mercados dos arredores un dos sustentos principais das súas familias. Foi tal a importancia que acadou esta actividade que a mediados do século XVIII había aquí 80 panadeiras que cocían nunha ducia de fornos. Cada unha delas tiña vez nun ou varios fornos, que pertencían a varios propietarios e propietarias.

O proceso de elaboración, o goberno do forno, as quendas de uso ou as rutas de venda foron probadas e transmitidas de xeración en xeración, conformando hoxe en día unha parte relevante do noso patrimonio inmaterial.

Os fornos en si mesmos son enxeños de bastante complexidade técnica que deben dar acubillo aos traballos de preparación da masa, quecer á temperatura xusta, minimizar as perdas de calor, etc..

Os que hoxe poden visitarse posiblemente difiren moi pouco dos antigos e, mesmo, dos modernos obradoiros que basean o seu equipamento no esquema tradicional

O forno novo do Lodairo está musealizado e pode visitarse. É necesario chamar ao Concello de Cea (tel.988282000)

Oseira está, aproximadamente, a 10 km. No centro da vila de Cea numerosos sinais indican a dirección á estrada OU-0406 que nos levará ata o estacionamento de Oseira.

4. OSEIRA

Malia que pequeno, o pobo de Oseira garda un interesante conxunto patrimonial que vai alén do mosteiro. A presenza da casa relixiosa, non obstante, manifestase con rotundidade na paisaxe, como o fixi ao longo da historia en toda a contorna, porque estamos ante un dos protagonistas máis senlleiros da nosa historia.



O **mosteiro** foi fundado en 1137 por catro monxes que decidiron establecer neste lugar solitario e inculdo á beira do río Oseira un establecemento no que dedicarse ao servizo de Deus. Apoiada desde moi cedo por reis e cabaleiros do país, aquela pequena casa de oración chegou a ser unha das principais institucións relixiosas e económicas de Galicia e acabaría incorporándose á orde do Císter. Os monxes dedicaban o seu tempo á oración e ao traballo, grazas a un importante dominio conformado por fincas, casas e dereitos fiscais e xurisdicionais, que aínda que se centraba nas comarcas próximas a Oseira tamén incluía enclaves estratéxicos na costa e, mesmo, en Castela. Alí onde chegou a súa influencia, os relixiosos de Oseira _como todos os do Císter_ influíron decisivamente na organización do territorio e nos ciclos agrarios.

De aquí saíron os relixiosos que fundaron o mosteiro de Pitões das Junias no norte de Portugal e aquí tiveron acomodo os que procedían doutros mosteiros cistercienses desaparecidos por mor da reforma dos relixiosos a finais do século XV e na primeira metade do XVI.

Esta foi, como ben delata o maxestoso complexo, unha casa poderosa que no seu cénit posuía 19 granxas e priorados espaxados por toda Galicia. Esta acumulación de riqueza supuxo unha renovación importante dos edificios medievais con sinaladas obras realizadas entre os séculos XVI e XVIII. Coa desamortización dos bens eclesiásticos e a supresión dos conventos no século XIX, a abadía foi abandonada e comezou a arruinarse. O que hoxe vemos é froito dun intenso traballo de restauración, protagonizado en boa medida polos propios irmáns que reocuparon Oseira no século XX. O seu esforzo mereceu o recoñecemento público cando en 1989 lles foi concedido o Premio Europa Nostra.

Portería do Mosteiro: 988282004

As visitas, guiadas, son polas mañás ás 10, 11 e 12 e polas tardes ás 15.30, 16.30 e 17.30; en verán hai un pase máis pola tarde ás 18.30 e os domingos efectúanse despois da misa monástica, contra ás 12.45. €

A visita ao mosteiro ten dúas partes ben diferenciadas: o templo e o espazo conventual. A igrexa constitúe un extraordinario exemplo da arquitectura románica de transición ao gótico que reflicte moi ben o sentimento cisterciense: liñas severas e austeridade decorativa _dentro e fóra_ que dotan de monumentalidade ao conxunto, ao tempo que facilitan a concentración na experiencia relixiosa evitando aos fieis focos de distracción.

A obra comezou a levantarse contra 1185 e foi consagrada en 1239, malia que foi retocada posteriormente. No exterior a súa aparencia reflicte os volumes interiores, sobre todo o da cúpula _tamén medieval_, mentres unha colección de canzorros finamente traballados sustenta o tellado. A bonanza da comunidade nos séculos modernos proxéctase na fachada e nos magníficos retablos do interior. Tanto os do cruceiro como os da carola corresponden a diversos artistas dos obradoiros composteláns dos séculos XVII e XVIII, entre eles Mateo de Prado (San Miguel e Santa Catalina) e José Gambino (San Famiano e Santiago). Estes retablos acollen as imaxes de santos propios da devoción cisterciense. O conxunto estaba coroado por un fastoso baldaquino (finais do s. XVII) que realzaba a capela maior, deseñado polo arquitecto Domingo Antonio de Andrade e executado polo entallador Alonso González, que foi desmantelado en 1925. Hoxe, unha excepcional Virxe do século XIII preside este lugar.

O TRASLADO DO BALDAQUINO DE OSEIRA

Na primavera de 1909, o bispado de Ourense tomou a decisión de desmantelar e trasladar o baldaquino do mosteiro barroco. Tras idas e voltas, a veciñanza deixou clara a súa postura contraria a esa decisión; o bispo teimou na retirada e invocou ás forzas de orde pública para axudarlle a executala. Cando os operarios chegaron a Oseira ían acompañados pola Garda Civil, que inmediatamente comezou a disolver os opositores. Como resultado houbo nove mortos e máis de vinte feridos. Nun tempo de intensa mobilización labrega pola problemática foral e pola modernización social e económica do agro, dun certo sentimento contra o poder excesivo da igrexa na sociedade, os sucesos de Oseira acadaron grande eco en todo o país e pasaron a conformar un dos momentos épicos da historia dos nosos labregos.

Na visita ás dependencias monásticas os visitantes terán oportunidade de coñecer os claustros e o refectorio, xunto coa igrexa, principais espazos de vida cotiá comunitaria. O claustro procesional resulta especialmente monumental, polas arquerías nas que se alternan retratos de personaxes históricos. Un dos puntos principais do percorrido é a Sala Capitular (s. XV) e a súa estrutura de bóvedas estreladas que semellan palmeiras.

MONXES E PEREGRINOS

O antigo camiño de comercio e peregrinación que hoxe chamamos Vía da Prata a Santiago cruza as terras do concello de San Cristovo de Cea buscando os montes de Dozón. A vila de Cea e o propio mosteiro eran paradas obrigadas para o camiñante, onde recuperar folgos antes de iniciar a difícil subida. O camiño que vén por aquí non é o principal, senón un ramal secundario que moitos tomaban para coñecer este santo lugar.

Conta a tradición que un deses moitos peregrinos foi o alemán Quardo, que contra 1142 formulou aquí os seus votos. Moitos anos despois peregrinou a Terra Santa e á volta ficou en Italia. Alí morreu tras realizar moitas milagres e foi santificado _co nome de San Famiano_ polo Papa Adriano IV.

O complexo monástico incluía varias edificacións anexas fóra do recinto _son as que vemos na entrada_. O espazo relixioso _templo, mosteiro e horto_ estaba totalmente separado do exterior por un gran muro.

Unha ollada ao pobo permite ao visitante identificar con facilidade as formas da súa arquitectura tradicional: casas de dous andares co seu corredor sustentado en vigas o en canzorros de pedra e hórreos estreitos de pedra e madeira con tornarratos conformado por unha única lousa. Moi preto está o río Oseira, ofrecendo unha paraxe de ribeiras moi fermosas. Do outro lado está a aldea de Casledo, cun muíño alimentado por unha canle que trae a auga desde lonxe.

Arredor do lugar de Oseira sinalízase un pequeno paseo (4 km ida e volta) que permite aos visitantes recoñecer desde a distancia a totalidade do conxunto monástico e coñecer un pouco mellor a historia e tradición do Pan de Cea.

O **Museo Etnográfico Olimpio Liste** está situado nunha das construcións relacionadas co mosteiro. Foi inaugurado en 1972 por X. Ferro Couselo e X. Lorenzo e custodia milleiros de obxectos relacionados coas nosas tradicións: aparellos agrarios, ferramentas de oficios e labores, instrumentos cotiáns, etc. Resultan de especial interese o seu forno rehabilitado e a reconstrución do vesadoiro _arado de grandes dimensións que precisaba de 8 xugadas de bois para tirar del_.

Horario: de martes a sábados: 11-14 e de 17-19h.

Volvendo á vila de Cea, poden tomarse todas as direccións. Nas proximidades, cara ao Carballiño, está o enlace coa AG-53.

MÁIS ALÓ

1.- Pazos de Arenteiro

Este pequeno pobo é un dos conxuntos histórico artísticos máis sinalados da provincia. Foi un dos enclaves principais da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén en Galicia e desde aquí se gobernaba unha parte do seu patrimonio, que estaba agrupado na encomenda de Pazos de Arenteiro. Xa que logo, un dos edificios máis importantes do lugar é o Pazo da Encomenda, identificable polo emblema da orde _a cruz patada, tamén chamada de Malta_. Outros pazos e vivendas máis sinxelas ocupan a aba do monte. A igrexa parroquial é románica e garda unha fermosa imaxe da Virxe. Un paseo pola beira do río deixará aos visitantes panoramas espléndidos nos que a viña, o río e as áreas de bosque se funden dun xeito natural.

Para chegar ata Pazos existen dúas alternativas: desde O Carballiño ir ata Leiro e seguir os sinais remontando o río Arenteiro ata a poboación; pola N-541 cómpre seguir a dirección Pontevedra ata a capital municipal de Boborás e tomar alí a estrada OU-414.

2.- Sendeiros

Dous sendeiros homologados percorren as terras de Pazos de Arenteiro, Boborás e O Carballiño e permiten un coñecemento diferente do patrimonio construído e natural desta comarca. O PR-G 79 une O Carballiño e Pazos, nun treito de case 12 km que sae do Parque Municipal do Carballiño: o parque etnográfico do Arenteiro, a igrexa románica de Moldes e as aldeas con arquitectura tradicional son os seus atractivos.

A ruta PR-G 77 ou Senda de Boborás é algo máis longa (uns 18 km) pero permite coñecer algunhas das arquitecturas románicas máis interesantes da zona, como as igrexas de Astureses e Xuvencos, e percorrer vellos camiños e antigas pontes.

PREPARACIÓN DA RUTA

Información e servizos turísticos:

- Turgalicia www.turgalicia.es
- Padroado Provincial de Turismo www.turismourense.com
- Comarcas de Galicia: **O Carballiño** (www.comarcasdegalicia.com/index.asp?idIdioma=2&idMenu=18&idComarca=27&clip=11)
- Asociación de Hoteis do Carballiño www.carballinohoteles.com

CONCELLOS:

- Boborás (borboras.net/paxina.htm (non oficial)
Casa do Concello: 988 402 008
- O Carballiño (www.ocarballino.org)
Horario do Parque Etnográfico do Arenteiro: de xullo a setembro de 11.30–13.30h; 18–21h (pechado luns e martes); de outubro a xuño de 17–19.30h (venres) e de 11.30–13.30h e de 18–20h (sábados e domingos).
Reserva de visitas guiadas á piscifactoría: 988270989
Balnearios:
 - Gran Balneario (aberto só entre maio e outubro): 988 27 09 26
 - Caldas de Partovia (todo o ano) www.caldasdepartovia.esPraza. da Alameda s/n (988274757) e no Centro Comarcal na estrada N-541, km 27 (988530252)
- Punxin
Casa do Concello, Forxa 24 (988 280 032)
- San Cristovo de Cea (www.concellodecea.com)
Visita ao forno novo de Lodairo en Cea=> Casa do Concello ou 988282000
Horario do mosteiro de Santa María de Oseira (www.mosteirodeoseira.org): visitas _sempre guiadas_ ás 10, 11 e 12 e polas tardes ás 15.30, 16.30 e 17.30; en verán hai un pase máis pola tarde ás 18.30 e os domingos efectúanse despois da misa monástica, contra as 12.45. €
Horario do Museo Olimpio Liste: de martes a sábados: 11–14 e de 17–19h.
Casa do Concello na Praza Maior 1 (988282000)
- San Amaro
Casa do Concello na R/ Principal 20 (988 288 001)

Teléfono de Emerxencias de Galicia: 112